

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI19G	<i>Expediente</i> CON/171/2010	<i>Fecha</i> 18-11-10 11:44

Asunto
Servizo de LACERÍA de animais abandonados no termo
municipal de Santiago - Prego Prescripcíones Técnicas

PREGO DE CONDICIÓNES TÉCNICAS

1. O OBTXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do contrato é a prestación do Servizo de recollida de animais abandonados, perdidos, feridos ou enfermos, domésticos ou salvaxes susceptibles de ser transportados na unidade móbil que o contratista disporá para a prestación do servizo cun peso máximo de 100 kg. No caso de animais de maior peso, darase igualmente cobertura para a localización, control e manexo do animal para preservar a súa integridade e a da poboación, sen prexuízo de que o animal sexa transportado por outros medios onde a autoridade sanitaria decida, sempre dentro do termino Municipal de Santiago de Compostela.

2. PRESTACIÓN DE SERVIZO.

O Servizo será prestado por persoal cualificado.

O servizo prestarase de xeito ininterrompido as 24 horas do día durante todos os días que dure o contrato incluídos domingos e festivos, e prestarase de xeito inmediato á recepción do aviso de asistencia.

O contratista disporá dun teléfono onde recibirá os avisos por parte dos Servizos técnicos do Concello, de persoal do Refuxio ou da Policía Municipal.

O contratista realizará campañas de recollida dos animais abandonados nas zonas onde se programe expresamente polos técnicos do Concello.

Así mesmo, disporá dunha unidade móbil adaptado para o transporte dos animais obxecto deste contrato, dotado de bozos, correas, luvas para gatos, lazos, gaiolas estáticas, gaiolas trampa, así como para a realización das probas de identificación, que permita o traslado e/ou a inmovilización dos animais, atendendo en todo caso o establecido no capítulo VI do Decreto 153/1998 do 2 de abril polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeidade.

A desinfección e desinsectación do vehículo debe realizarse despois de cada servizo e debe estar proocolizada e garantida.

O contratista levará un rexistro actualizado das intervencións solicitadas nas que polo menos deberá constar a data e hora tanto do aviso como da actuación, a procedencia do mesmo, a especie, raza, sexo, capa, e grupo da idade do animal e o destino final do mesmo. Cada actuación será comunicada vía e-mail aos servizos técnicos do Concello e persoal do Refuxio. A maiores

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI19G	<i>Expediente</i> CON/171/2010	<i>Fecha</i> 18-11-10 11:44

presentará informes mensuais e anual, nas que se indiquen tamén zonas conflictivas e zonas de batida.

A Xestión deste Servizo estará suxeita á fiscalización Municipal; a este fin o contratista deberá facilitar cantos datos lle sexan requiridos en relación ao servizo.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2010.

Asdo.: Angel Pérez Otero
Técnico de Medio Ambiente